

Dallares

Revista do CPI Tino Grandío • Guntín - Lugo

Nova época • Ano XII - Nº 12

Maio, 2012

Abalar

Centro piloto de libros dixitais

Plan de autoavaliación e mellora

Programas contrato

Rutas literarias

Plan mellora de bibliotecas escolares

Seccións bilingües

Portfolio e-twinning lectora

Club lectura

Axenda 21

Pallares

Revista do CPI Tino Grandío • Guntín - Lugo

Nova época • Ano XII - Nº 12

SAÚDO

Un ano máis volvemos. Voltamos porque queremos que saibades o que se está a facer na escola dos vosos fillos, dos nosos nenos.

Para que o día de mañá, estes nenos e nenas tamén se lembren do seu paso polo centro, que lembren con ledicia o seu paso por unha escola pública deles e para eles.

As persoas son as que fan que unha escola teña un onte, un hoxe e un mañá. Fagamos entre todos que este soño dunha escola pública de calidade sexa unha realidade, a pesar de todo.

Todos temos que traballar con este obxectivo común: O persoal que traballa no centro dando o mellor de si mesmo; o alumnado sacando proveito e valorando o que ten; as familias colaborando coa escola e toda a comunidade educativa traballando xunta e unindo forzas para que os logros sexan de todos.

Continuamos a traballar nos diversos proxectos e plans que tiñamos en marcha desde hai varios anos: de Plan Mellora de Bibliotecas Escolares, Club de Lectura, Seccións Bilingües, Plan de Autoavaliación e Mellora, Portfolio, Proxecto Abalar... e, como non, iniciamos proxectos novos que nos motiven e poñan as pilas no noso traballo diario como a inclusión na Axenda 21, nos Programas Contrato e no proxecto de Centros Piloto de Libros Dixitais no terceiro ciclo de primaria.

Como cada ano confiamos que vos guste a publicación que tedes nas mans e que só pretende reflectir o traballo diario no CPI Tino Grandío.

CONSELLO DE REDACCIÓN

Arias Castro, Ana
Dorado Fernández, Pascuala
García Crecente, M^a Teresa
Paderne Cebey, Beatriz
Vázquez García, Carlos

COLABORAN

Alumnado do CPI Tino Grandío
e de 5^o e 6^o do CEIP de
Lousada

Profesorado do CPI Tino
Grandío e do CEIP de Lousada

Concello de Guntín

Secretaría Xeral de Política
Lingüística da Xunta de Galicia

COORDINACIÓN

García crecente, M^a Teresa
Paderne Cebey, Beatriz

ÍNDICE

01. Obradoiro de sombras
02. Un paseo por Ferreira
03. Rutas literarias 2012
07. Poema
08. Misiva de Doña Elvira y Doña Sol
09. A biblioteca
11. Valentín Paz Andrade
13. Actividades do club de lectura
15. As palabras máis fermosas da nosa lingua
16. Coñecer o pasado, ...
18. A arte paleocristiá e outros
19. Entrevista a Sarah E. Stahl
21. Muller e ciencia
23. Entrevista a Valentina
24. Plan de autoavaliación e mellora
26. A resolución pacífica dos conflitos
28. Loitemos contra os plásticos
29. O programa Axenda 21
32. Ecoaxentes de Guntín
34. A importancia da reciclaxe do aceite
35. Pasatempos
36. 2012, ano internacional da enerxía
38. Pódese ver medrar a herba?
40. O Teide
41. Os dinosauros
42. Os avións
43. Os peixes do meu acuario
44. O universo
45. Códigos alfanuméricos
47. Biografía de Kanouté
48. Equipo de dinamización das TIC
50. Evolución da poboación no concello
51. As saídas garanten sorrisos

OBRADOIRO DE SOMBRAS

Alumnado de educación infantil

Quería facer un obradoiro e sombras

Preparou moitas actividades:
Contounos un conto
Ensinounos unha cantiga:
"Na granxa de Pepiño"

Xogou con nós a ver sombras detrás dunha saba (con siluetas de animais e obxectos, adiviñamos quen estaba detrás da saba...)




PASÁMOLO MOI BEN E APRENDEMOS COUSAS NOVAS

RUTAS LITERARIAS 2012

Neste curso o noso centro ten participado no programa "Rutas literarias" convocado polo MEC. Grazas a estas becas o alumnado aproximase a un período histórico e literario a través dunha obra ou autor destacado das letras hispánicas. A ruta outorgada -"O Cid polo Aragón fronteirizo"- permitiu na semana do 18 ao 24 de marzo que os rapaces de 3º e 4º de ESO coñecesen de primeira man as andanzas na provincia de Teruel do mítico guerreiro medieval protagonista do Cantar de Mio Cid. Os alumnos de Guntín non estiveron sós nesta viaxe, xa que compartiron experiencia con outro grupo de rapaces procedentes da Línea de la Concepción, Cádiz, acompañados polos seus profesores Juan Manuel e Cayetano.

Dende que chegamos a Teruel, Pedro, o noso monitor, conseguiu que a ruta fose inesquecible pola súa perfecta organización, a quen, ademais, lle debemos a cesión da maioría das fotografías deste caderno de viaxe. Así mesmo, non podemos esquecer a cordialidade de todos os membros da Escola Fogar onde residímoses eses días, representados excepcionalmente polo seu director Serafin.

Para todos vaía o máis profundo agradecemento por conseguir que esta viaxe permaneza sempre no noso recordo, xa que sen eles non tería sido o mesmo. GRAZAS.



O domingo 18 saímos de Guntín ás 8:15 da mañá cara Teruel. Tras parar nas proximidades de Madrid pouco antes das 14:30 para xantar, continuamos o noso camiño durante varias horas por unha infinita estrada ata chegar ás 19:00 á Escola Fogar de Teruel, onde nos hospedamos ao longo desa semana. Pouco despois coñecemos os compañeiros da Línea de la Concepción, que resultaron ser maravillosos.

Baixamos ao salón de actos para que nos explicasen o funcionamento do programa das Rutas. Ao final, cenamos e demos un paseo nocturno pola cidade, visitando por fóra a catedral, algunha torre mudéjar, o acueduto, a praza do Torico... A xornada concluiu ás 23:30, hora de irse á cama.



DÍA
1

Logo fomos polo monte ata un lugar onde se descubriron pinturas rupestres que datan de hai aproximadamente 6.000 anos. As pinturas eran moi interesantes pese a que se vían un pouco deterioradas. Máis tarde, voluntariamente, algúns tivemos a oportunidade de subir unha costa para contemplar unha parte dun acueduto que levaba a auga a Teruel.



Pola tarde tivemos un campionato de xogos tradicionais, moi variados, nos que, por certo, pese a que certificaron empate, gañou Guntín. Máis tarde estivemos ensaiando a obra de teatro para o xoves e pola noite vimos unha proxección fotográfica sobre a Ruta do Cid. O que máis nos gustou foron os xogos tradicionais, e o que se podería mellorar é o horario, que é moi fatigoso.

O plan para o mércores pola mañá e á tarde era ir a Cantavieja visitar o Maestrazgo, pero como este lugar era inaccesible pola neve non puídemos ir. Polo tanto esta mañá fixemos dúas cousas: escribir un pareado a unha persoa do outro instituto, o cal pola tarde sería entregado cun agasallo; e dar un paseo polo casco histórico de Teruel, visitando así algúns lugares aos que non estaba previsto ir, tales como a escalinata pola que se subía dende a estación do tren á cidade (é unha obra neomudéxar, posterior á arte mudéxar pero similar a esta) e unha ponte turolense.

DÍA
4



Pola tarde fixemos unha visita guiada ao Museo Provincial. Nel puídemos ver restos que databan dende a prehistoria ata a época romana: armas, armaduras, cerámica, ósos, pinturas...

Xa pola noite reunímonos todos no salón de actos e por roldas fomos recitando o noso pareado e entregando o agasallo á persoa que nos fora asignada.

**DÍA
5**

O xoves pola mañá fomos a Rubielos de Mora e alí vivimos o concello e un museo onde había un cárcere. Despois de todo isto fomos a outra vila que se chamaba case igual, Mora de Rubielos, onde visitamos unha igrexa.

Pola tarde puidemos ir comprar algún agasallo. Logo, fixemos un último ensaio da obra de teatro onde tiñamos que facer de personaxes medievais e



tamén unha danza medieval. Á noite repartíronnos traxes medievais para facer a representación diante dos estudantes da residencia. Deitámonos moi tarde esa noite xa que eran preto das doce.



**DÍA
6**


Levantámonos ás sete, como todos os días, e despois de almorzar, collemos as mochilas para ir a Cella. Máis tarde visitamos un castelo militar e, finalmente, subimos ao Poio do Cid, onde fixemos un "picnic".

Cando chegamos á residencia, fixemos o "exame" do que nos falara Pedro durante toda a semana, que resultou ser unha enquisa. Tras cear e ler, empezou a festa, con música e refrescos. Deixáronnos estar ata as dúas da madrugada. Este día foi o mellor, xa que a festa foi xenial, aínda que o de subir ao Poio do Cid custounos moito.



**DÍA
7**

E chegou o día da despedida. O sábado pola mañá tivemos que dicirlles adeus aos compañeiros da Línea. Moitos choraron, pero finalmente comezou ás nove da mañá a viaxe de volta. Con todo, durante todo o traxecto seguimos en contacto a través dos móbiles, e mesmo hoxe en día falamos entre nós a través do Tuenti. Finalmente, moi cansos, chegamos a Guntín ás 20:00, preparados para... durmir durante mooooooooooitas horas.



Alumnos de 3º e 4º de ESO

A lo lejos se recortan
los lugares por donde pasó el Cid,
y en cada rincón parece resonar
su voz que grita: "¡Mesnadas, a mí!"

Frío helado por la madrugada,
todo el paraje está nevado,
los pájaros aún no han venido,
la primavera aún no ha llegado.

En la zona del Maestrazgo,
antaño, del Cid los caballeros,
cabalgaron por las tierras del Temple,
aguerridos y valientes: guerreros.

Frío helado por la madrugada,
todo el paraje está nevado,
los pájaros aún no han venido,
la primavera aún no ha llegado.

En un rincón de la ciudad,
bella historia de sentimientos encontrados,
reposan eternamente los Amantes,
cabeza tornada, se buscan con las manos.

Frío helado por la madrugada,
todo el paraje está nevado,
los pájaros aún no han venido,
la primavera aún no ha llegado.

Vienen por el camino que hemos elegido,
los fantasmas de las fieles mesnadas,
galopando elegantemente en sus caballos,
vagando eternamente sus almas apenadas.

Frío helado por la madrugada,
todo el paraje está nevado,
los pájaros aún no han venido,
la primavera aún no ha llegado.

Aine Rodríguez Raposo; (4º ESO)

Misiva de doña Elvira y doña Sol a las huestes del Cid

Noble escuadrón:

En el mes de enero del año de 2012 comenzó la gesta de veinticuatro valientes al servicio de la Ruta del Cid en tierras de Aragón. Por varias jornadas nos reunimos en juntas dirigidas a la correcta organización de nuestra andadura y así, prestos ya, al alba del 18 de marzo, aguijamos nuestros caballos, que atronaron por la vía que nos adujo a Teruel.

Arribadas las huestes gallegas a tierras turolenses, la compañía del Cid aumentó notablemente, ya que a nuestro escuadrón se sumó el bravo ejército gaditano, liderado por los claros varones don Cayetano de la Línea y don Juan Manuel, el murciano complido. Pero al frente de todos nosotros se dispuso don Pedro de Andorra, señor indiscutible de la Ruta del Cid, maestro en las artes gráficas y experto conocedor de aquella comarca. ¡Dios, qué buenos alumnos, ya que hubo gran monitor!

Muchas fueron las lides enfrentadas —allí museos, aquí iglesias; allí escaleras, aquí más escaleras. Así fuimos haciéndonos con importantes plazas —ora Teruel, ora Albarracín; ya Mora de Rubielos, ya Rubielos de Mora. Algunas se resistieron, nunca por la vuestra flaqueza sino por la soberbia fuerza de la naturaleza, que en forma de nevada impidió que nuestros caballos alcanzasen las tierras del Maestrazgo. En ocasiones, el cansancio hizo mella en algún bravo o brava, pero en breve, con bríos renovados, regresasteis a vuestros puestos, siendo recibidos con la algazara general de los siempre leales compañeros.

De esta guisa, entre visitas, bailes, juegos y batallas varias, vosotros valientes, revivisteis en el reino de Aragón tiempos pretéritos de confraternidad, y las que habían sido hordas divididas se convirtieron en una fuerte y única mesnada.

Las jornadas concluyeron y el regreso fue obligado. En el momento de la despedida, de los sus ojos tan fuertemente llorando, los de la Línea así como los de Guntín aceptasteis vuestro destino y os fuisteis separando. Suspiraron los escuadrones, porque estaban muy apenados, pero siempre os quedará el tuenti o seguir "wasapeando"..

*Hasta aquí llega la misiva de doña Elvira y doña Sol,
orgullosas ambas dos por lo que en Teruel se vivió.
Gracias a ti, don Pedro, el que en buen hora nació,
por tu templanza, sapiencia e incondicional colaboración,
y gracias a ti don Serafín el Afable por haber sido un gran anfitrión.
Nunca la ruta del Cid hubiese funcionado mejor
que con don Cayetano y don Juan Manuel, grandes caballeros de pro
al frente de las vivaces huestes de la Línea de la Concepción.
Por una semana nuestras tropas tuvieron noticia del Campeador,
mas su ejemplar convivencia fue la mayor lección.
Aquí concluyen las palabras de doña Elvira y doña Sol
y en este lugar se acaba esta nuestra razón.*

María Guerreiro Muñoz y Silvia Carballido Reboredo

A BIBLIOTECA

Marta Rodríguez Fernández
(coordinadora da biblioteca escolar)

O curso pasado o noso centro acadou un 2º premio no Concurso Nacional de Boas Prácticas para a Dinamización e Innovación das Bibliotecas Escolares. Grazas a este premio, puidemos facer cambios no mobiliario e equipamento da biblioteca: temos dous puntos informáticos para uso do alumnado con acceso a Internet e renováronse as estanterías das seccións de Literatura de Secundaria e de Infantil e Primaria.



Neste curso académico seguimos a traballar na biblioteca, actualizando os fondos coa adquisición de novidades que pensamos que poden ser de interese para alumnado, familias, profesorado e persoal non docente.

Hai que destacar que, dende hai tres anos, contamos cun espazo adicado ás familias, o Punto de Información, creado a raíz da participación do profesorado do centro no Plan de Autoavaliación e Mellora da Calidade Educativa. Recentemente adquiríronse novos libros para pais e nais que están expostos na biblioteca e podedes consultar ou levar en préstamo. Dende a páxina web do centro pódese acceder ao catálogo da biblioteca e ás últimas novidades adquiridas.

NOVIDADES NO PUNTO DE INFORMACIÓN



¡Mamá, siempre me está molestando!: cómo tratar los celos y las peleas entre hermanos
Heike Baum.



Cómo ayudar a los niños a afrontar la pérdida de un ser querido
William C. Kroen.

Juegos para desarrollar la inteligencia del niño de 2 a 3 años.




Jackie Silberg

Cómo organizar al niño desorganizado: estrategias sencillas para triunfar en la escuela.



Martin L. Kutscher y Marcella Moran.



Supernanny: consejos prácticos y sensatos para educar a tus hijos.
Jo Frost.



100 trucos para mejorar las relaciones con los niños.
Danie Beaulieu.



Guía a tu hijo paso a paso.
Isabelle Leclerc.


Entre as actividades realizadas este ano, no mes de xaneiro, tivemos a visita dun grupo de profesores do CPI Doutor López Suárez de Friol para coñecer a organización e o funcionamento da nosa biblioteca. Na reunión falamos da traxectoria de traballo que seguimos dende o ano 2002 para facer da biblioteca un eixo fundamental na vida do colexio e fixemos un xogo de pistas para coñecer a distribución e colocación dos libros e material audiovisual da biblioteca.



No mes de febreiro, convocamos por segundo ano consecutivo o concurso de cartas de amor, no que participaron alumnos e alumnas de infantil, primaria e secundaria. Os traballos expuxéronse nun dos taboleiros do centro.



Estas son algunhas das cartas presentadas polo alumnado



E, no mes de abril, para celebrar o Mes das Letras, convocamos outro concurso, esta vez de fotografía, “Unha imaxe, un libro”, no que animamos a participar a toda a comunidade educativa.

Letras galegas 2012

VALENTÍN PAZ ANDRADE

Denisse Abel Varela e Sonia López Pardo, (3º ESO)

Coa publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro o 17 de maio de 1863 comeza o Rexurdimento da Literatura Galega. Cen anos despois, a proposta de tres dos seus membros, a Real Academia Galega decide instaurar esa data como Día das Letras Galegas. Este ano de 2012 o autor homenaxeado é o polifacético pontevedrés Valentín Paz Andrade.



Valentín Paz Andrade nace o 23 de abril do ano 1898 na parroquia de Lérez, en Pontevedra. Nesta cidade vai realizar os estudos primarios e de segunda ensinanza.

No ano 1916 coñece a Castelao en Pontevedra, grazas ao seu tío, e colabora como xornalista en *La Correspondencia Gallega*.

Un ano despois trasládase a Santiago de Compostela para estudar Dereito. En novembro de 1919 participa en Santiago na II Asemblea Nacionalista Galega, presidida por Castelao. Dous anos máis tarde licénciase en Dereito e comeza a exercer a defensa en Pontevedra. En xullo prodúcese o desastre de Annual e é enviado á fronte de África.

En febreiro do ano 1922 é repatriado por enfermidade.

No ano 1924, en xuño, pasa quince días na cadea de Vigo por dous artigos publicados no xornal *Galicia*, que pecha definitivamente en setembro de 1926. Un ano despois, faise cargo do asesoramento da Sociedade de Armadores de Bouzas La Marítima. Colabora en *Industrias Pesqueras*, unha nova revista quincenal de Vigo.


No ano 1928 viaxa á Bretaña. E nese mesmo ano publica *Los puertos nacionales de pesca en España e Aportación de Vigo al estudio del problema*.

Pasados dous anos é nomeado presidente do Grupo Autonomista Galego que se crea en Vigo. O 25 de xullo dese mesmo ano participa nun mitin no García Barbón de Vigo con Castelao e Otero Pedrayo.

En 1931 participa en numerosos mitins como candidato a deputado das Cortes Constituíntes pola minoría galeguista. Tamén forma parte da comisión do SEG que elabora o Anteproxecto

do Estatuto de Galicia. En Nadal asiste á constitución en Pontevedra do Partido Galeguista.

Un ano despois sofre un atentado na rúa do Príncipe en Vigo. E en 1933 traballa como profesor auxiliar na Escola Superior de Traballo de Vigo. En febreiro do 1936 preséntase como candidato ao Parlamento pola Candidatura Republicana de Centro. En setembro é desterrado a Verín, onde sofre un novo atentado.



En 1937, desterro en Requeixo da Queixa, de xaneiro a abril. Furtivamente reside en Celeiros de Queixa, en Castro Caldelas (parte de abril) e Pobra de Trives (de abril a xaneiro do ano 1938) A principios do 1938 volve a Vigo; en agosto é detido e un novo desterro lévaa a Villanueva de la Serena (Badaxoz). O oito de decembro casa con María Pilar Rodríguez Prada en Ourense.

Dous anos despois de casar nace Alfonso, o seu único fillo. En 1942 sucede a Fernando de Miguel na dirección de *Industrias Pesqueras*. En 1945 é un asiduo no faladoiro da Alameda de Vigo. Catro anos máis tarde viaxa a París. E no verán de 1950 pronuncia varias conferencias en Bos Aires invitado polo Centro Galego. Visita tamén Montevideo, São Paulo, Santos e Río de Xaneiro.

Un ano despois organiza dende Vigo a Mostra de Pintores Galegos que se celebra en Bos Aires.

En 1954 publica en Chile *Principios de economía pesquera* e en 1955 *Pranto matricial*, dedicado a Castelao.

Dous anos despois, en 1957, pasa un mes na cadea de Vigo por un artigo de *Industrias Pesqueras* onde criticaba levemente o Comandante Militar da Mariña.

En 1958 publica *Sistema económico de la pesca en Galicia*.

No ano seguinte sae do prelo na editorial Galicia de Bos Aires *Galicia como tarea*.

En 1960 fúndase a empresa Pescanova SA, onde o nomean vicepresidente.

No 1961 viaxa a Mozambique e Sudáfrica e no Nadal sofre un grave accidente de tráfico.

Dous anos despois participa no II Congreso da FAO sobre buques de pesca en Londres.

No ano 1964 intervén no proxecto de creación do Banco Industrial de Galicia; o 7 de xuño noméano membro da Real Academia Galega.



Do 1 ao 3 de outubro de 1965 participa no III Congreso da Emigración como delegado do Centro Galego de Bos Aires. En novembro asiste en Göteborg (Suecia) ao III Congreso Técnico da FAO sobre innovación tecnolóxica nos equipos de captura.

Un ano despois viaxa á Bretaña, Lima, Caracas e Bos Aires, onde participa na conmemoración do centenario do nacemento de Valle-Inclán.

En 1967 sae do prelo *La anunciación de Valle-Inclán* e a finais de ano viaxa a Bos Aires e Río de Xaneiro.

Pasado un ano publica *Sementeira do vento* e participa no curso "Perspectivas de Galicia ante o II Plan de Desarrollo".

En 1969 participa na Conferencia Internacional sobre Investimentos na Pesca en Roma.

En 1970 viaxa a Reikiavik para participar na Conferencia Internacional sobre arrastre da FAO; publica *La marginación de Galicia* e sofre unha embolia cerebral.

Tres anos despois, en setembro de 1973 celébrase a Exposición Mundial da Pesca, en Vigo.

No 1974, en xuño, asiste á III Conferencia das Nacións Unidas sobre Dereito do Mar en Caracas.

Ao ano seguinte prepara a edición de *Pranto matricial* con motivo do vixésimo quinto cabodano de Castelao e no mes de maio recibe o Pedrón de Ouro.

O 4 de decembro de 1976 entra a formar parte da Comisión Negociadora da Oposición Democrática representando a Galicia.

O 15 de xuño do ano seguinte é elixido senador e participa o 4 de decembro na manifestación de reivindicación da autonomía de Galicia, en Vigo.

En febreiro de 1978 ingresa na Real Academia Galega co discurso "A galecidade na obra de Guimarães Rosa"; en maio participa na Semana da Cultura Galega de París e recibe a Cruz de San Raimundo de Peñafort.

No 1979 publica o poemario *Cen chaves de sombra* e recibe a medalla Cidade de Pontevedra.

En 1980 forma parte de Realidade Galega, unha iniciativa que nace no mes de marzo. Viaxa a Noruega a unha exposición de pesca en Trondheim.

Sae do prelo o seu traballo *Castelao na luz e na sombra* no ano 1982.

Un ano despois, o 13 de xullo, pronuncia o pregón de inauguración da Feira do Libro de Vigo.

No ano 1984 recibe a Medalla ao Mérito Social Marítimo e a medalla Castelao da Xunta de Galicia. Foi presidente de Amigos do Museo de Pontevedra.

No ano 1985 publica *Galiza lavra a sua imagen*. O 5 de decembro noméano académico da Academia Galega das Ciencias.

En maio de 1986 recibe a primeira Medalla de Ouro da cidade de Vigo e o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo o 29 de xuño.

Faleceu o 19 de maio en Vigo e foi enterrado no panteón familiar do seu Lérez natal.

No ano 1997 prepárase unha exposición-homenaxe en Vigo e publícase o seu *Epistolario*.

En 1990 publícase unha edición facsimilar do *Galicia. Diario de Vigo*.

Bibliografía

Portela Yáñez, Charo (2012): *Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia. (Solución aos pasatempos: 1º: Mosteiro. 2º: Ningunha, é un burato)

ACTIVIDADES DO CLUB DE LECTURA

Ana Arias Castro (coordinadora do Club de Lectura de Guntín)

O noso club de lectura continúa a súa andaina un ano máis tendo como único obxectivo o de promover a lectura e as actividades en torno á literatura entre o alumnado e profesorado do centro.

O club de lectura é só unha pequena axuda máis á hora de animar o alumnado a descubrir o pracer da lectura. A lectura en si, por pracer, sen que forme parte do currículo escolar, como actividade en si mesma.

Todos os que traballamos no mundo do ensino temos comprobado que unha boa adquisición da habilidade lectora é unha porta aberta ao éxito escolar. Non quere isto dicir que chegue con ler moito e ben, pero sen unha boa lectura será moi difícil que se adquiren outras capacidades e que se poida render axeitadamente no contorno escolar. Ademais, no mundo dixital no que nos movemos, a lectura e a escritura son esenciais pois internet é un mundo en palabras e mesmo os móbiles son para os nosos fillos e fillas




vehículos dun mundo en palabras escritas a través de mensaxes de texto.

As actividades do Club de lectura buscan propoñer lecturas variadas, interesantes e de distintos xéneros que enganchen aos rapaces e que consigan facer, polo menos dalgún ou algunha deles, lectores que gocen con todo o patrimonio cultural que nos achegan os libros. Reunímonos unha vez ao mes ou cada mes e medio, comentamos a obra que lemos desde a última reunión e decidimos cal outra imos ler. Moitas veces as críticas son boas pero outras veces non dubidamos en ser máis sinceros do que lles gustaría aos autores desas obras. Todo é cuestión de gustos.

Como novidade este curso organizamos novas actividades de promoción da lectura, basicamente a ampliación da lectura de obras e reunións para comentalas ás familias e aos cursos de infantil e primaria, cursos cos que tivemos polo menos unha reunión ao longo do curso. Foron actividades moi ben recibidas entre os participantes e que contamos con continuar en vindeiros cursos.

Tamén iniciamos este ano a lectura dixital proporcionándolles aos membros do Club a posibilidade de ler a través de dispositivos dixitais (ebooks, tablets ou ordenador) as obras propostas en varios formatos e linguas cando non teñen xa dereitos de autor en vigor. Sen dúbida ten esta opción moito interese entre aqueles que xa contan con estes dispositivos nas súas casas aínda que outros aínda prefiramos o olor e tacto do papel.





Por último, coma cada curso organizaremos unha excursión para premiar a participación no noso Club que na data de redacción deste artigo aínda non ten fixada data nin destino pero procurará que sexa algún destino de interese literario e que nos permita pasar un bo día.

Se te animas a unirse ás nosas actividades pregunta no centro ou entra no noso blogue no que imos recordando cales son as próximas actividades ou libros a ler para as seguintes reunións.

<http://clublecturaguntin.blogspot.com>

Club de Lectura Guntín


Ferramenta de difusión do Club de Lectura do CPI Tino Grandío, de Guntín

26/01/12

próxima sesión sobre Orgullo e prexuízo



No día de onte reunímonos no Club de lectura para comentar o libro *El tiempo entre costuras* e amosamos as nosas diversas opinións sobre o mesmo. Ao final da reunión acordamos que a próxima obra a ler será o libro de Jane Austen, *Orgullo e prexuízo*. Aquí tedes un enlace para saber máis da obra, sobre a que faremos a reunión a finais de febreiro.



Se che interesa o formato electrónico desta obra tela aquí en [inglés en pdf](#) e [castelán en pdf](#) e en [castelán en htm](#).

Esta foto recolle a reunión que tivemos para comentar *El tiempo entre costuras*.



ACTIVIDADES 2011-2012

Lecturas Infantil

Teresa Durán: *O pingüín*
Darío Xohán Cabana: *Chucho Cacho*

Lecturas Primaria

Toño Núñez: *O mago Antón*

Grupo de lectura ESO

Suso de Toro: *Así foi doutor*
Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego*
Agustín Fernández Paz: *As flores radiactivas*
Quino: *Mafalda*

Grupo de lectura adultos

Agatha Christie: *O asasinato de Roger Ackroyd*

AS PALABRAS MÁIS FERMOAS DA NOSA LINGUA

Pascuala Dorado Fernández (EDLG)

Teño escoitado ás veces que "de detrás das pedras hai moita historia". Tamén é ben seguro que detrás de cada palabra hai unha lembranza, un desexo, unha vivencia, un saber...

Quen non lembra dar un **pinchacarneiro**, adicar un **sorriso**, dicir un **quérote**, desexar un mundo de **PAZ** ou que a amizade dure entre **compañeiros e compañeiras**, chamar pola **nai**, ou polo **pai**, **rir**...?

Temos palabras sinxelas, sonoras, de alento e liberdade, solidarias e de amizade... centos de palabras que nomean xogos, animais, ferramentas, desexos...

O alumnado e o profesorado do centro escollemos as que nos pareceron máis fermosas, escribímolas reutilizando materiais de refugallo e compuxemos un mural colocado no corredor, para que as poidades ler. Tamén se elaborou un audiovisual para mostrarvos como se realizou a actividade e compartila con todas e todos vós.



COÑECER O PASADO, COMPRENDER O PRESENTE... CONSTRUÍR O FUTURO

Pascuala Dorado Fernández (EDLG)

Un dos obxectivos marcados dende o EDLG do CPI Tino Grandío é a recuperación do patrimonio histórico, cultural, natural e artístico do concello de Guntín e o seu contorno e aprender a valoralo. Salvar do esquecemento todo aquilo que é fundamental da nosa identidade é unha tarefa que nos permitirá, partindo do pasado, comprender o presente e construír o futuro.

Para levar a cabo este coñecemento organizamos experiencias dinamizadoras e lúdicas, que en coordinación con outros centros, asociacións e entidades, permítennos mellorar a formación e información de toda a comunidade.

En colaboración coa "Asociación de amigos do mosteiro de Ferreira de Pallares", organizamos un "Encontro cultural" con saída didáctica ao entorno do Mosteiro e da Ponte Cabalar, dirixido ao alumnado da ESO, e na que os profesores Carlos Vázquez e Amparo Veiga, nos achegaron o seu coñecemento histórico e natural.



Logo, na biblioteca do Centro, tivemos unha charla - coloquio, onde a alumna Alba García (4º ESO) presentounos o evento no que participaron Carlos Vázquez, que como presidente da asociación, nos relatou como xurdíu e as actividades que se realizan e, Xosé Luís Vázquez Somoza, veciño, profesor, escritor e tamén membro da asociación, que nos animou a ler e relatou como empezou a escribir. Con anterioridade o alumnado lera algún dos seus relatos como "Nube de seda na Lúa", que serviron de base para debater e comentar "a realidade vista polos cristais máxicos da palabra... unha prosa poética", como diría o prologuista do libro.



Outras xornadas programadas para coñecer o noso patrimonio terán lugar a finais de curso, cando xa a revista estea nas túas mans, pero que che contaremos no próximo número.

Trátase dun intercambio co CPI Dr. López Suárez de Friol onde o alumnado de ambos os dous centros visitarán un día o citado mosteiro da orde de san Bieito e noutra xornada a torre de Narla de Friol, onde os anfitrións explicarán a súa historia e lendas sobre a zona, ademais dunha xornada de amizade e convivencia.

Seguiremos afondando na recollida de vocabulario tradicional galego. Fixémolo con anterioridade sobre léxico de "apeiros de labranza" e "paxaros na comarca de Lugo", en colaboración co IES Lucus Augusti. Neste curso, coordinámonos co

CPI San Tomé do Carballo (Taboada) e coa Residencia de maiores de San Salvador de Guntín. Trataremos de recuperar o léxico tradicional -patrimonio lingüístico - de vellos labores agrícolas como "A sega", dende a preparación da terra



ata a malla, como algúns xa coñeceredes, por ter participado e aportarnos información.

Para o coñecemento de xogos populares tradicionais, en colaboración co departamento de Educación Física, farase un intercambio co CPI de Castroverde, e organizaremos unha xornada lúdica, que terá continuidade en cursos vindeiros.



Utilizando a música e a palabra, como vehículo para o lecer, o grupo "Mamá Cabra" participou na actividade dirixida ao alumnado de Educación Infantil e Primaria e á que foron convidados os compañeiros do CEIP de Lousada.



A ARTE PALEOCRISTIÁ

A arte paleocristiá abarca dende o século I ao IV e localízase en lugares discretos e ocultos das casas e tumbas. Nos primeiros séculos do Cristianismo, as persecucións contra a Igrexa foron intensas e frecuentes.

Hoxe en día, os restos mellor conservados atópanse nas catacumbas.

As catacumbas foron lugares de enterramento, reunión e ensinanza cristiá.

A primitiva pintura cristiá atópase nas paredes subterráneas, ademais de altares e catedrais.

A arte paleocristiá exprésase por medio de símbolos. Eles foron tomados do paganismo aínda que se lles deu unha nova interpretación. As alegorías teñen un marcado carácter salvífico.

Domina o sentimento que xera a nova fe, e será a pauta básica da arte medieval (medieval).

En xeral, os símbolos máis representados son a pomba como a alegoría da alma, o pavo como a alegoría da inmortalidade,

a áncora como a alegoría da salvación eterna, o peixe como alegoría de Cristo e como o símbolo dos cristiáns e o cordeiro como a alegoría de Cristo. Tamén son símbolos do cristianismo o anagrama de Cristo PX, a cesta dos pans e a xarra do viño, escenas da Última Cea e a vide. Da arte dos séculos I e II hai poucos restos e na súa totalidade atópanse nas catacumbas.

A partir do século III aparece na iconografía cristiá a representación da figura humana e recreáanse pasaxes do Novo Testamento. Porén, cópanse temas típicos da iconografía grecorromana.

O típico moscóforo, pastor coa ovella no ombro.

En Galiza, temos unha xoia da arte paleocristiá que se atopa na Real Catedral Basílica de Lugo, exactamente, no Museo Diocesá: O Crismón de Quiroga.

Andrea R., Sonia L., Brais, Brahyan, Lorena, Noelia e Jessica (3º ESO)

PARÁBOLAS

Unha parábola é un relato curto, con forma de historia sinxela, real ou inventada pero non fantasiosa, mediante a cal Xesús establece unha comparación: "igual que sucede en tal caso, así sucede en tal outro". Esta comparación pretende mostrarnos unha ensinanza de tipo "espiritual". Non temos que esquecer que Xesús foi un predicador. As parábolas son explicacións e anuncios da súa mensaxe.

A parábola é diferente da metáfora, que consiste nunha palabra usada cun significado ou nun contexto diferente ao habitual. Respecto á alegoría diferénciase en que nesta todos os detalles e figuras teñen significado, aínda que nalgúns casos sexa forzado, mentres que na parábola, todos os detalles teñen a finalidade de subliñar a mensaxe única que o relato quere ensinar. Das fábulas diferénciase en que interveñen personaxes humanos.

Algunhas parábolas son por exemplo: "Cego que guía a outro cego", "Invitados sen vestido de festa", "Médico, cúrate a ti mesmo!"

Alumnado de 1º ESO

MOSTEIRO DE FERREIRA DE PALLARES

O Mosteiro de Santa María de Ferreira de Pallares foi fundado polos condes Don Ero e Dona Elvira. A data da súa fundación fíxase no ano 909 e a súa creación débese a unha marcada tradición familiar que predominaba na época alta medieval. Os señores feudais buscan a salvación eterna da súa alma e a das súas familias e refúxianse na crenza de que conseguirán o seu obxectivo fundando pequenos cenobios dentro das súas propiedades. Nestes mosteiros pasarán os seus últimos días, arrependíndose dos seus pecados e buscando un sitio no que ser enterrados. O actual mosteiro é obra de catro etapas: á primeira delas pertence toda á estrutura románica da igrexa; nunha segunda etapa foi cando se fixo a capela-panteón dos Taboada; posteriormente construíuse o claustro e por último a torre. A súa forma é moi similar á de moitas igrexas repartidas pola provincia e que pertencen ao que poderíamos chamar románico rural.

A igrexa é de estrutura románica aínda que con elementos que evidencian unha tendencia gótica; a súa planta consta de nave e ábsida únicas. Finalízase a súa construción na segunda metade do século XIII.

A ábsida exterior é a parte máis antiga da igrexa, ten forma semicircular e está dividida en tres tramos (en cada un destes tramos ábrese unha ventá).

O presbiterio está separado da nave por un amplo arco de medio punto. A devandita nave é de planta rectangular, ampla e co teito de madeira a dúas augas que se apoia en tres arcos transversais apuntados.

O retablo maior é de estilo barroco e neste encóntanse: Nosa Señora a Antiga, San Xulián, Santa Basiliusa, San Rosendo, o Sagrado Corazón de Xesús e a Virxe do Rosario.

A Capela dos Taboada, construída a mediados do século XV, ábrese no muro sur da igrexa mediante un arco oxival e na súa parte frontal aparecen os escudos dos Taboada, dos Camba e dos López de Lemos.

E xa por último, o claustro presenta unha forma cadrada e pertence ao Renacemento avanzado.

A escasos metros do conxunto, áchase unha fonte que verte as súas augas nun fermoso sartego alto medieval.

Alumnado de 2º ESO

ENTREVISTA A SARAH E. STAHL

Alumnado de 3º e 4º de ESO

Este curso contamos coa presenza da auxiliar de conversa Sarah E. Stahl que estivo animando as actividades orais que se realizaron no noso centro escolar. A seguinte é a entrevista que o alumnado de 3º e 4º de ESO lle fixo para saber algo máis dela.



Sarah
Elisabeth
Stahl

What's your name?

Sarah Elisabeth Stahl.

What are your hobbies?

I like watching TV.

What TV series do you like?

I like *Águila Roja* and *Cuéntame*, but it is sometimes a bit boring.

Do you have a brother or a sister?

Yes, I have one brother, Eric and one sister, Julie.

Do you like Spain?

Yes, I do.

Do you like Lugo?

Yes, I like Lugo. I like the Wall, the Cathedral... it's small but it is peaceful and safe.

What is your favourite part of Lugo?


Guntín.

What thing don't you like in Lugo?

Some ugly houses.

What place would you like to visit in Spain?

Madrid, Segovia, Toledo, Andalucía and Porto (in Portugal).





Is food different in Michigan?

People in Michigan eat a lot of meat, beef, a lot of hamburgers, steak, barbecue and pizza. We don't eat a lot of fish or seafood.

What's your favourite Galician food?

Empanadas, zorza and caldo gallego.

Is the weather different in Michigan and Galicia?

In Galicia it rains more but in the winter it is very cold and it snows a lot in Michigan, but in the summer it's very hot and you can go to the beach.

Is life different in the USA?

In the USA most people drive cars and they do not walk as much. People in the USA do not eat fish and they always arrive on time.

What hobbies are there in the USA?

People play football, American football, people play videogames, go skating and they go to the movies.

Are people in Galicia different from people in Michigan?

No, not really. My town is small and people are very nice and friendly.

What is the most surprising thing in Galicia for you?

In the USA it is very bad to pee in the street. You can't pee in the street but people in Lugo sometimes pee in the street.

What differences are there between the school in Guntín and schools in Michigan?

In Guntín students talk a lot more but I think that they are nicer.

Do you like Kesha's music?

Yes, I do I like to dance to Kesha's music.

What are you going to do in the future?

I am either going to stay in Spain for one more year or work in a college (=university) teaching Spanish.

Pictures in this page are from Wikipedia



MULLER E CIENCIA

Amparo Veiga Vila e alumnado de 4º de ESO: Edgar, Elena, Lucía López, Alba, Lucía Pérez, Ángel, Aine e Antón

O ano 2011 foi o ano internacional da química porque se conmemora o centenario da concesión do premio Nobel a Marie Curie .

Por desgracia, o caso de Marie Curie era excepcional na súa época xa que as mulleres, durante case 2000 anos, estiveron afastadas dos estudos e só algunhas, de clase social privilexiada ou fillas de científicos ou escritores, tiñan a oportunidade de formarse, chegando incluso a ter que disfrazarse de homes para poder asistir ás universidades.

Na actualidade o número de homes e mulleres que estudan é moi semellante e incluso son elas as que obteñen os mellores resultados.

A continuación presentámosvos uns poucos exemplos de mulleres destacadas na ciencia, incluíndo a española Margarita Salas.

Marie Curie

O seu nome completo era Maria Salomea Skłodowska-Curie (7-11-1867/4-7-1934).

Foi a única persoa que recibiu dous premios Nobel científicos en campos distintos: o de física e o de química. Fíxose famosa polos seus estudos sobre a radioactividade. Continuando o descubrimento de que as sales de uranio emitían uns raios descoñecidos, os raios X, ela e o seu marido Pierre Curie atoparon outros materiais radioactivos coma o polonio ou o radio, o cal foi capaz de destilar cos escasos medios daquela época



Ao longo da súa vida tivo que superar moitas dificultades. Pioneira en moitos sentidos; tivo que estudar clandestinamente, pois Polonia estaba sendo invadida por Alemaña e foi a primeira muller en dar clase na Universidade de París. Fundou o Instituto Curie e fixo un vehículo con raios X para curar os enfermos durante a guerra, chamado Petit Curie.

Rosalind Elsie Franklin (1920-1958)

Biofísica e cristalógrafa, graduada na universidade de Cambridge, autora de importantes contribucións á comprensión das estruturas do ADN, os virus, o carbón e o grafito.

Realizou a chamada fotografía 51 do ADN, utilizando técnicas de raios X. Esta fotografía, xunto coas investigacións de J. Watson e F. Crick, permitiu descifrar a estrutura da molécula que contén a información xenética.

A súa achega ao descubrimento non foi coñecida ata despois da súa morte, xa que un compañeiro de traballo, Wilkins, presentouna como propia, recibindo por isto o Premio Nobel xunto con Watson e Crick.

A súa condición de muller fixo que o valor do seu traballo non fora admitido ata moitos anos despois da súa morte.

Morreu prematuramente de cancro de ovario, probablemente debido á radiación.

Bárbara McClintock

Investigadora estadounidense especializada en citoxenética.

Obtivo o Premio Nobel de Medicina en 1983.

Centrouse no estudo da xenética do millo e os cambios que poden ter lugar nos cromosomas.

Os seus estudos son precursores da xenética máis moderna centrada en determinar a posición dos xenes nos cromosomas.

Jane Goodall (1934--)

É unha naturalista e primatóloga inglesa que adicou a súa vida ao estudo do comportamento dos chimpancés.

Observou que eran capaces de preparar ferramentas con ramiñas de árbores para extraer térmites do termiteiro. Demostrou que a especie humana non é a única capaz de fabricar ferramentas para facilitar o traballo.

As súas observacións sobre a conduta dos chimpancés, os seus hábitos, a estrutura social,

emocións, intelixencia e personalidade individual, revolucionaron a bioloxía e a nosa percepción do ser humano e dos demais simios.



Margarita Salas (1938--)

Bióloga molecular que naceu en Asturias.

Foi impulsora, xunto co seu home Eladio Viñuelas, da investigación en bioquímica e bioloxía molecular en España.

Foi discípula do Premio Nobel español Severo Ochoa.

Ten entre outras as seguintes distincións:

- Premio Nacional de Investigación Santiago Ramón y Cajal.
- Premio Jaime I de investigación en 1994.



- Investigadora Europea pola UNESCO en 1999.
- Profesora "Ad Honorem" no centro de Bioloxía Molecular "Severo Ochoa".
- Membro da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais.
- Membro da Real Academia da Lingua.
- Membro da American Academy of Microbiology.

- É a primeira muller española membro da Academia Nacional de Ciencias de Estados Unidos.

Os seus traballos teñen gran importancia para o avance da Biotecnoloxía.

Rachel Louis Carson (1907- 1965)

Bióloga estadounidense que contribuíu á posta en marcha da moderna conciencia ambiental. Foi a precursora do movemento ecoloxista.

Entrou na administración de Pesca e Vida Salvaxe e viaxou nun buque oceanográfico estudando os ecosistemas mariños. Os datos recollidos serviron para a elaboración dun libro sobre o océano.

Observou os efectos devastadores dos pesticidas, en especial do DDT, sobre a vida silvestre, en especial sobre as aves. Entón escribiu o seu libro máis famoso, *Primavera Silenciosa* en 1962 que contribuíu a concienciar a sociedade sobre a necesidade de conservar o medio natural.

A raíz dos seus traballos prohibiuse o uso do DDT e naceu o "Movemento Ecoloxista"

Morreu en 1965 a consecuencia dun cancro de mama antes de ver realizados os cambios na lexislación e conciencia pública.

Hypatia de Alejandría (370 d.c. '?)

Foi a primeira muller astrónoma, filla de Teón de Alejandría que se ocupou de educala en ciencia e filosofía.

Ensinou durante 20 anos filosofía, matemáticas, astronomía e música.

O seu traballo máis extenso foi en álgebra, revisando, xunto co seu pai, a edición de Elementos da Xeometría, de Euclides: Dita edición aínda se usa nos nosos días.

Escribiu un tratado de astronomía e cartografou diversos corpos celestes.

Interesouse pola mecánica e as tecnoloxías prácticas e deseñou un astrolabio plano que serve para medir a posición das estrelas, os planetas e o Sol. Tamén elaborou un aparello para a destilación da auga, un hidroscoPIO para medir a presenza e nivel da auga e un areómetro para medir as propiedades físicas dos gases.

Morreu asasinada nunha revolta de tipo relixioso acusada de conspirar contra o líder cristián de Alejandría.

ENTREVISTA A VALENTINA

Alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria

O 8 de marzo celébrase o día internacional da muller traballadora e os alumnos de terceiro e cuarto de primaria queriamos adicarllo a unha muller que traballa no noso colexio, na limpeza, dende hai moitos anos. Esta muller chámase Valentina e fillémoslle unha entrevista que a continuación podedes ler.

A: Ola Valentina! Para empezar, gustaríanos saber onde naceu?

V: En Vallecillo, provincia de León.

A: Cantos anos leva en Galicia?

V: Levo trinta e cinco.

A: Observamos que vostede non fala galego, cal é o motivo?

V: Pois que, como non o falo ben, prefiro non falar. Entendo e leo en galego, pero teño dificultade para falalo. Ese é o motivo.

A: Dánonos permiso para poñer en galego as súas respostas?

V: Si.

A: A que idade comezou a traballar?

V: Aos vinte ou vinte e un anos.

A: Por que se adicou á limpeza?

V: Empecei traballando nunha casa coidando uns nenos; eles fixéronse maiores pero eu quedei nesa casa facendo a limpeza e así foi como empecei.

A: En cantos sitios traballou e en cantos ao mesmo tempo?

V: Ao mesmo tempo traballei en seis e agora traballo en catro.

A: Cantos anos leva neste Centro?

V: Levo vinte e seis.

A: Cantas horas traballa ao día habitualmente?

V: Non teño horario, depende do que teña que facer. Emprego o tempo que me faga falta ata que remate.

A: Que é o que máis e o que menos lle gusta facer?

V: Do meu traballo gústame todo, por iso o fago.

A: Quen dá máis que facer os alumnos ou os profesores?

V: Os alumnos máis porque tamén son máis. Eu estou contenta de que me dean que facer; se non non habería traballo e eu non estaría.

A: Que nos recomenda para facilitarlle a vostede un pouco o seu traballo?

V: Que sexades ordenados. Que vos decatedes do que facedes mal para que intentedes mellorar. Eu agradeceríao.

A: Se puidese cambiaría de traballo?

V: Non.

A: Pensa que está ben pagada?

V: Si, hai moita xente que non ten traballo e non cobra nada; por iso me considero ben pagada.

A: Gustaríalle que a súa filla seguira co seu oficio?

V: Non, porque ela xa ten outro.

A: Por que pechou o quiosco?

V: Porque no horario de abril tiña outros traballos que me interesaban máis; poida que noutro momento o volva abrir.

A: Que tal co de coidadora no comedor?

V: Moi ben, esquecera o nome e caras de alumnos maiores e así recupereinos.

A: Non está cansa de tanto traballar?

V: Non.

A: Vostede imaxínase xubilada? Que faría?

V: Si que me imaxino. Estaría máis descansada, estaría máis coa miña neta, podería viaxar máis para estar coa familia.

A: Ten algunha doenza derivada do seu traballo?

V: Non. Teño dores, pero achácollelos aos anos que teño, non ao traballo.

A: No tempo que levamos facendo esta entrevista pensou: "Co que teño que facer...?"

V: Non, porque para os alumnos eu sempre teño un momento libre para o que me necesiten.



Nada máis; moitas grazas por satisfacer a nosa curiosidade.

O alumnado de 3º e 4º queremos que esta entrevista sexa como unha homenaxe a unha muller traballadora.

PLAN DE AUTOAVALIACIÓN E MELLORA DA CALIDADE DA EDUCACIÓN CURSO 2011-2012

Por terceiro curso consecutivo o CPI Tino Grandío participou no programa de autoavaliación e mellora da calidade da educación, coordinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Aínda que os piares básicos nos que sempre se sustentou esta actividade –apertura do centro ás familias, participación de toda a comunidade educativa...– seguíronse mantendo, nesta convocatoria fíxose especial fincapé no traballo nas competencias básicas. Deste xeito, co obxectivo de comprendelas e traballalas de maneira máis exhaustiva na aula, o profesorado participou en varias sesións de formación neste campo, nun obradoiro impartido pola especialista Sara Álvarez, profesora de Secundaria e colaboradora coa Consejería de Educación de Asturias. Así, neste curso conseguimos achegarnos ao concepto das CCBB, pasando dun programa de “aprender a

saber” a un modelo de “aprender para saber facer”. O resultado máis inmediato obtido a partir destes encontros foi a elaboración de tarefas para traballar as CCBB co alumnado dende Infantil ata Secundaria



Por outra banda, intentando reforzar os conceptos vinculados coas novas tecnoloxías e atendendo á necesidade de facer reflexionar ao noso alumnado nos perigos e responsabilidades que entraña o emprego da Internet e en especial das redes sociais, no mes de decembro contamos cunha esclarecedora conferencia impartida polo profesor José Pino, docente no IES A Pinguela de Monforte de Lemos e experto en seguridade na Internet. A través dunha presentación práctica, os rapaces de Secundaria e terceiro ciclo de Primaria puideron ver in situ con que facilidade persoas alleas poden facerse cos seus contrasinais ou



acceder ás súas contas en redes sociais, así como activar as webcams dos seus ordenadores. Esperamos telos concienciado na obriga de respectar a honra das persoas na rede así como a ter máis cautela no emprego de plataformas como Tuenti ou Facebook..

Por último, dirixido ás familias desenvolveuse no mes de febreiro un obradoiro sobre comunicación e establecemento de normas e límites, impartido por Educando, no que se intentou afondar sobre a importancia de establecer unhas pautas e hábitos dende as idades máis novas. Nesta mesma liña de formación de pais, o centro segue a adquirir novos fondos para a nosa biblioteca sobre cuestións diversas na educación e

desenvolvemento dos rapaces –as relacións cos adolescentes, a alimentación, os celos, como axudalos nos seus estudos...

En definitiva, o plan de autoavaliación e mellora no que se embarcara o CPI Tino Grandío aló polo 2009, aínda que con certos cambios, segue fiel aos seus ideais orixenarios de formación e colaboración entre toda a comunidade educativa. Esperamos que as actividades que se emprenderon neste curso teñan sido do voso interese e lembrámosvos que sempre estamos abertos a novas propostas para seguir mellorando entre todos.

Silvia Carballido e María Guerreiro



A RESOLUCIÓN PACÍFICA DOS CONFLITOS

Os días 11 e 12 de novembro tivo lugar en Lugo un encontro de alumnado mediador organizado dentro do programa “Vivir Xuntos, Convivir”. Participaron do CPI Tino Grandío dúas alumnas en representación do noso alumnado.



Recibimos a invitación para participar nestes encontros da man das súas organizadoras, un grupo de profesoras implicadas na Educación para a Paz que traballan dende o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega. Acudimos dúas alumnas e dúas profesoras do centro un tanto expectantes polo que alí iamos aprender. Eran oito os centros participantes de toda Galicia, cun total de 42 alumnos e alumnas. Todos, salvo nós e outro centro da provincia, levaban anos traballando no tema da mediación escolar e a resolución pacífica de conflitos. Durante dous intensos días traballamos e reflexionamos sobre estes temas a través do xogo e do teatro. A actividade foi dinamizada por dúas integrantes da asociación catalana, “Fil a lagulla” que fixeron a xornada amena e interesante.

Coa nosa participación pretendiamos achegarnos ao tema e iniciar unha reflexión no centro sobre as posibles accións que podemos desenvolver para camiñar cara unha cultura de paz. Afianzamos alí a idea de que a mediación como resolución pacífica dos conflitos ten que estar asentada nun funcionamento participativo e democrático dos centros, onde ademais se comparta unha perspectiva positiva do conflito, é dicir, que este non se vexa como algo malo en si, senón como unha oportunidade para avanzar e mellorar sempre que se opte pola súa resolución pacífica. Trátase de fuxir da idea de gañadores e

perdedores para avanzar a través do diálogo cara o “todos gañamos”. Trátase dun traballo bonito pero laborioso que non se consegue dunha maneira inmediata, senón que hai que ir dando pequenos pasos e resolvendo as dificultades que polo camiño vaian aparecendo. No seguinte cadro facemos un pequeno resumo do que é a mediación e as características que debe ter a persoa mediadora baseándonos no libro de Aprender a Convivir, do profesor Xesús Jares.

DEFINIMOS MEDIACIÓN:

Trátase dun procedemento de resolución de conflitos con intervención dunha terceira persoa, allea e imparcial no conflito, aceptada polos disputantes e sen poder de decisión sobre os mesmos. Esta persoa facilitará que as partes en litixio cheguen por si mesmas a un acordo a través do diálogo.

OBXECTIVOS DO MEDIADOR OU MEDIADORA

Favorecer a comunicación entre as partes en conflito.
 Promover que ambas partes comprendan o conflito de maneira global e non só dende a súa perspectiva.
 Axudar a que analicen as causas do conflito separando intereses e sentimentos.
 Restablecer cando sexa posible as feridas emocionais que poidan existir entre as partes en conflito.

OBXECTIVOS DO MEDIADOR OU MEDIADORA

Valentía e capacidade de resistencia
 Dinamismo e preocupación polos demais
 Prudencia e discreción
 Independencia e imparcialidade
 Preparación en análise de conflitos e procesos de resolución
 Habilidade para escoitar activamente
 Saber transmitir esperanza e confianza no éxito
 Paciencia
 Saber reformular o conflito

Estas foron as impresións das nosas alumnas participantes...



ANDREA LÓPEZ DE 3º DE ESO

Ao principio dábame unha pouca vergoña xa que non sabía co que me ía atopar alí, mais despois segundo ía coñecendo á xente e cos xogos que faciamos íame soltando máis. O que máis me sorprende foi a integración da xente e que nos daba igual o lugar do que fosemos ou se eramos maiores ou mais novos. Encantoume a experiencia porque, a parte de facer moitos amigos de diferentes partes de Galicia, aprendín moitas cousas da mediación e do que hai que facer para ser unha boa mediadora.

Foi increíble!!!

Na miña opinión a reunión foi moi útil porque nos ensinou a forma de resolver conflitos sen que interveñan profesores ou castigos de por medio.

Chamoume a atención nas representacións e no debate dos mediadores experimentados que a maioría dos problemas comezan por pequenas diferenzas ás que se lles da demasiada importancia. Pareceume moi enriquecedor.

Aine no exercicio de burbullas de confianza. ▶



AINE RODRÍGUEZ 4º DE ESO

Este é un tema no que calquera de nós podemos aprender moitas cousas, se che interesa ler sobre esta temática deixámosche aquí unha mostra de libros e enderezos web:

Brandoni, F. (Comp.) (1999). *Mediación escolar. Propuestas, reflexiones y experiencias*. Buenos Aires. Paidós.

Cascón, F. (2000a). *Educación para la paz y la resolución de conflictos*. Cisspraxis

Jares, X. R. (2004). *Aprender a convivir*, Edit. Xerais .

Jares, X. R. (1994). *Educación para la Paz: Su teoría y su práctica*. Editorial Popular.

Torrego, J.C. (coord.) (2004), *Mediación de Conflictos en Instituciones Educativas*, Edit. Narcea.

<http://www.noviolencia.org>

<http://www.solomediacion.com>

<http://www.sgep.org>

<http://www.educadorespolapaz.org>

LOITEMOS CONTRA OS PLÁSTICOS

Amparo Veiga Vila e alumnado de 4º de ESO

Por que?

No mundo úsanse arredor dun millón de bolsas de plástico por minuto.

Non son biodegradables: frágmentanse en anacos cada vez máis pequenos, case microscópicos.

Todo o plástico fabricado ata hoxe segue existindo.

O sistema de correntes do Océano Pacífico recolle augas de todas as correntes do planeta, chegando a ser o colector de contaminación producida nos continentes.

Unha enorme illa de lixo flota polo Pacífico, entre San Francisco e Hawai. Componse nun 80% de plásticos e pesa millóns de toneladas.

Os barcos evitan estas augas pola perigosidade da mancha de plásticos para a navegación.

Cando esta mancha se achega ás costas, as praias quedan cubertas por estes residuos.

A metade dos plásticos depositanse nos fondos do océano.



Como afectan aos seres vivos?

Segundo un informe de Nacións Unidas, a contaminación do océano provoca a morte de máis dun millón de aves cada ano.

Uns 100.000 mamíferos acuáticos tragan plástico ao confundilo con alimento.

Os moluscos e crustáceos que viven no fondo do mar morren ao inxerilo.

As toxinas que se liberan na degradación dos plásticos incorpóranse á cadea alimenticia, chegando ao ser humano. Aparecen no leite materno de mamíferos e aumentan o índice de aparición do cancro.

Que podemos facer?

Na túa casa reduce o uso de bolsas e botellas de plástico.

Non aceptes bolsiñas minúsculas nas farmacias, perfumerías etc..

Utiliza bolsas de tea mellor cás de papel xa que este fabricase a partir de árbores e ademais, moitas veces, non son reutilizables.

Recorda depositar os plásticos no colector amarelo.

Marta Expósito, Iago López, Daniel Gay, Rubén López e Iván Taboada de 4º ESO.

O PROGRAMA AXENDA 21 NO CPI TINO GRANDÍO Como traballan os Ecoaxentes de Guntín?

Karen Ramos Martínez

A nosa aventura na Axenda 21 comezou o 4 de outubro do presente curso 2011 – 2012. Nesta data e coa axuda de gran parte do profesorado de Educación Infantil, Educación Primaria e E.S.O realizamos o noso proxecto que titulamos “Os tres R” (reducir, reutilizar e reciclar).

No proxecto reunimos diferentes accións (actividades) que imos desenvolvendo en Infantil, nos

colocan nos contenedores azuis habilitados polo concello na rúa.

Os Ecoaxentes de 1º Ciclo de Primaria reutilizan, recollen e reciclan plásticos, latas y brits. Coa axuda e supervisión dos seus titores o alumnado de 1º ciclo pediu permiso ao centro para mercar un contenedor grande onde poder recoller os plásticos, dito contenedor foi adquirido e colocado no comedor previa aprobación da encargada de comedor



Ecoaxentes elaborando os contenedores de papel. ▲



“Xa usamos os nosos contenedores” ▲



“Xa temos o noso contenedor”. ▲



Reunímonos con Isabel, encargada de comedor. ▲

diferentes ciclos de Primaria e nos diferentes cursos de Secundaria.

Os Ecoaxentes de Educación Infantil traballan a reutilización e reciclaxe de papel. Con esta finalidade realizaron uns contenedores onde recollen o papel ata que están cheos, momento no cal os

e contando coa amable colaboración das cociñeiras.

Os Ecoaxentes de 1º Ciclo deron a coñecer as súas actuacións a todo o colexio pasando clase por clase e informando da existencia do contenedor e dos beneficios da reciclaxe deste material.



Informamos aos compañeiros das nosas actuacións. ▲



Pedimos a colaboración da cociñeira. ▲



"Xa reunimos bastantes pilas." ▲




Aquí recollemos as pilas e os móbiles. ▲

Os Ecoaxentes de 2º Ciclo de Primaria recollen pilas e móbiles. Para levar a cabo este reto realizaron uns contenedores onde depositamos as pilas tanto as persoas que asistimos ao centro como as familias do alumnado que foron debidamente informadas.

O alumnado de 2º Ciclo decidiu colaborar coa Cruz Vermella no proxecto "Doa o teu móbil" polo cal contamos con carteis e un contenedor da Cruz Vermella onde depositar os móbiles. Con esta iniciativa podemos saber cal é o destino dos nosos móbiles unha vez doados. Neste caso tamén se informa ás familias mediante cartas para que doen os móbiles que xa non usan.

Na páxina web do colexio pódese ver un vídeo dos Ecoaxentes de 2º Ciclo.

Os Ecoaxentes de 3º Ciclo elixiron dedicarse á reciclaxe e reutilización do aceite doméstico. Neste caso comezaron pola realización dun tríptico informativo, así como unhas enquisas



"Terminamos o contenedor das pilas" ▲

para realizar no contorno e nas empresas sobre os hábitos de utilización e reciclaxe do aceite usado. Cos resultados que se obteñan destas enquisas elaborárase unha gráfica na que se exporán os resultados.

Actualmente o alumnado de 3º Ciclo está facendo un mural coa axuda do titor sobre as actividades que están a realizar.

A reciclaxe de aceite lévase a cabo no centro coa colaboración do persoal do comedor e das familias que foron informadas e mandan o aceite usado para reciclar.

Por último, os Ecoaxentes traballan na elaboración do xabón a partir de aceite usado e están realizando un vídeo sobre esto.

Na ESO tamén estamos traballando co fin de acadar un futuro sostible.

Os Ecoaxentes de Secundaria levan a cabo varios retos como:



- Recoller cartuchos de tinta, para o cal colocouse un contenedor, de maneira visible, onde todos poñemos os cartuchos de tinta usados. Tamén redactaron unha carta para enviar ás familias informando da recollida de cartuchos de tinta e do contaminantes que son estes se non se reciclan debidamente.
- O programa de Redución do uso de papel e plástico e outro dos retos que se desenvolven en secundaria. Neste

caso preténdese concienciar a alumnado e profesorado, para o cal comezaron elaborando e colocando carteis informativos polo centro incluíndo a sala de profesores onde se pretende diminuír o uso de vasos de plástico á hora de tomar o café.


- A nivel de aula e centro os Ecoaxentes de Secundaria promoven a reutilización e reciclaxe do papel. Reutilizan folios de apuntes, vólvese a imprimir pola outra cara... Así como se desenvolven talleres de reciclaxe de papel.
- Por último, a nivel de todo o centro estanse promovendo uns talleres de Artesanía con material de refugallo. Ata o momento estanse facendo cestas de papel cos xornais vellos. Tamén estamos aprendendo a facer bolsas de papel (tamén reutilizado), coa finalidade de repartilas en comercios do contorno e concienciar a persoas do concello no uso de bolsas biodegradables.



Facemos as cestas de papel.



Loitamos contra os plásticos.




ECOAXENTES DE GUNTÍN

David Núñez López e Raúl Roa Fernández (2º E.S.O)

No noso centro estase a traballar nun proxecto chamado Axenda 21. En concreto o noso proxecto titúlase "Os tres R" (Reducir, reutilizar, reciclar).

Os organizadores da Axenda 21 realizaron unha xuntanza en Santiago chamada "Confint Galicia" á cal asistiron numerosos centros de Galicia con dous representantes dos estudantes por cada centro.



Deseño do póster presentado na Confint realizado por Noelia Vigo Díaz 2º ESO.

No caso do CPI Tino Grandío os representantes fomos Raúl Roa e eu (David Núñez) de 2º ESO.

Nesta xuntanza presentamos o noso proxecto e explicamos as actividades que imos realizando no noso centro escolar. De aquí fomos elixidos, xunto con outros 17 nenos, para participar na seguinte Confint España que tivo lugar en Vitoria-Gasteiz no País Vasco, capital Verde Europea 2012. A viaxe foi longa, case 12 horas. Primeiro bordeamos Galicia recollendo aos compañeiros e despois fixemos unha parada en Burgos onde visitamos o Museo da Evolución Humana. Cando chegamos a Vitoria estaba nevando e instalámonos no Albergue de Barria nunha

habitación só para os galegos con liteiras e moitos mobles.

Unha vez instalados fomos cear ao gran comedor xunto con 101 xoves procedentes de diferentes puntos do estado: Galicia, Cataluña, País Vasco, Canarias e Madrid. Despois da cea reunímonos todos nunha sala, e fixemos xogos de presentación, nos que cada comunidade cantaba unha canción típica de alí e explicaba os lugares máis coñecidos e as comidas máis típicas de cada lugar. Nós, por suposto, cantamos A CAROLINA, e gustoulles tanto a canción e o son das pandeiretas que polas noites reuníanse todas as comunidades na nosa habitación para que lles cantásemos cancións en galego.



Participantes de Galicia en Vitoria

Ao día seguinte tivemos unha apertada axenda de traballo separados en diversos grupos realizamos talleres e actividades relacionados coas diferentes formas de progresar na ecoloxía, expresando e intercambiando as nosas propias

experiencias, debatindo sobre as 9 responsabilidades que nos chegaron doutros mozos de todo o mundo e todo isto levounos todo o día enteiro con un único descanso para comer e merendar. Xa pola noite, pasámolo xenial nunha pequena discoteca que nos prepararon os organizadores da Confint, na que había música e wii. Ao día seguinte levantámonos cedo para trasladarnos ata a cidade de Vitoria para ir falar coas autoridades Vascas, explicarlles os traballos que realizáramos, mostrarlles a nosa participación nos proxectos dos talleres de manifesto, ritmo, prensa, carteis, etc, dándolles a coñecer as nosas ilusións e impresións. E logo disto, fomos comer e visitar Vitoria-Gasteiz no que quedaba do día. Visitamos o Museo da Natureza, o territorio e paisaxe que rodea Vitoria, diferentes capelas da zona... E finalmente, á noite, voltamos ao Albergue, no que montamos unha pequena festa nesa última noite xuntos.

El compromiso de los jóvenes hacia la sostenibilidad local (Vitoria-Gasteiz, 26 y 27 de enero de 2012)

Nosotros, los cien y los jóvenes de todo el país, han vivido y trabajado juntos durante estos tres días en Barría, junto a la Capital Verde Europea 2012, para debatir sobre las 9 responsabilidades expresadas por los jóvenes de todo el mundo que eran inscrita en la Carta de la Juventud de Responsabilidades: "Cuidemos el Planeta" en Brasil en 2010.

En este manifiesto, queremos hacer nuestras impresiones y sueños conocidos.

- Somos jóvenes, pero de cualquier otro carácter que merecen y exigen el apoyo y el respeto que necesitamos para un cambio hacia un futuro sostenible.
- Estamos trabajando, aquí en el CONFINT, hacia un mundo mejor, ya que el entorno es lo más importante de nuestra sociedad y como eso es algo que podemos hacer de una manera divertida y positiva.
- Nos reunimos con jóvenes de diferentes lugares y culturas, intercambiar y expresar de diversas maneras hacia el progreso ecológico, debatir y sobre nuestras propias experiencias.
- Vivimos en un mundo donde el dinero está sobrevalorado. Las actuales dificultades económicas que sufre nuestra sociedad nos impiden avanzar hacia el cambio que nuestro mundo necesita.
- Sin embargo, nos sentimos privilegiados que pudieron participar en un proyecto tan importante como el Nacional de Niñez y Juventud de la Conferencia "Cuidemos el Planeta", como nos gustaría que nuestras ideas de formar parte de la Carta de las responsabilidades internacionales.
- Por último, deseamos de todo nuestro trabajo a tener en cuenta a la hora de construir un mundo mejor para todas las generaciones por venir. Esperamos que nuestras decisiones sean escuchadas.

Carta de responsabilidades acordada en Vitoria e presentada na Confint Europea Bruxelas.

Ó día seguinte reunímonos todos de novo nunha gran sala para despedirnos e votar á persoa que queríamos que nos representase na conferencia Europea, que se celebrou en Bruxelas do 14 ao 16 de maio. Foi unha pena que non saíramos elixidos pero pasámolo moi ben.